



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A
REALIZACIÓN DO PROXECTO PREGO DE OLIVER 100 ANOS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do Proxecto Prego de Oliver 100 Anos

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Este proxecto denominado Prego de Oliver 100 ANOS comprenderá exposicións, talleres didácticos, conferencias, publicacións e todo tipo de actos divulgativos que afondar na figura do pintor e no seu modo de entender a vida a través da arte, onde se poñerán de manifesto as novas achegas ao seu estudo.





De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, porque se trata dun proxecto que polas características mencionadas é único en España.

Por todo o anterior, o Concello de Ourense é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de setembro de 2016

